



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

exp. 2019/G003/000750

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICO/A DE MUSEO E CONVOCATORIA DE NOVO PROCESO SELECTIVO.

**EXPEDIENTE:**2019/G003/000750

### ANTECEDENTES:

Con data do 03/10/2019 ditouse a resolución de Alcaldía nº 581/2019 na que se aprobaron as bases que rexen a convocatoria para a selección por concurso-oposición de persoal técnico para a formación dunha bolsa de emprego de técnico/a de museo en réxime laboral temporal.

O 03/10/2019 publicouse o anuncio da convocatoria e as súas bases na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios.

O 07/10/2019 publícase o anuncio da convocatoria no diario de maior difusión rexional “La Voz de Galicia”.

O 24/10/2019 dítase a resolución de Alcaldía nº 646/2019 na que se aproba a listaxe definitiva de candidatos, constando unha soa candidata.

Realizado o proceso selectivo e logo de ver a proposta do tribunal na que acorda “Declarar non apta á candidata presentada, o que conleva á súa exclusión do proceso selectivo, e polo tanto deserta a bolsa de emprego de Técnico/a de Museo, en réxime laboral temporal”

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro:** Declarar deserta a convocatoria para a selección por concurso-oposición de persoal técnico para a formación dunha bolsa de emprego de técnico/a de museo en réxime laboral temporal por non acadar a candidata presentada no proceso selectivo a cualificación de apta.

**Segundo:** Proceder a convocar de novo o dito proceso selectivo.

**Terceiro:** Publicar o anuncio da convocatoria nun diario de maior difusión rexional e na páxina web municipal, así como no taboleiro de anuncios xunto coas súas bases, para que polos interesados poidan presentar as súas solicitudes no prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no dito periódico.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
REL:MU2000/15

exp. 2019/G003/000750

**Cuarto:** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

O alcalde,

Diante miña, dou fe:  
O secretario accidental

D. Xosé Lois García Carballido

D. Emilio Caínzos Quintás

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.